



Mapa da península Ibérica no que se representan mediante isothermas distintas zonas atendendo á temperatura media anual.

En xeral podemos dicir que a temperatura media anual na península é suave, atendendo principalmente á súa localización na zona temperada do hemisferio norte do planeta se ben debido á súa elevada altitude media (660 m) estas son máis baixas do que lle correspondería segundo a súa latitude.

Por outra parte, advírtese claramente no mapa unha diminución da temperatura dende o sur cara ao norte debido fundamentalmente á latitude e dende a costa cara ao interior debido tanto á elevada altitude do bloque central da península (a meseta) coma á falta de influencia marítima que suavice as temperaturas no interior peninsular.

Tendo en conta o anterior podemos dividir España en varias zonas atendendo ás diferenzas de temperatura media anual:

- Por enriba dos 18° encontraríase a maioría do arquipélago canario, debido á súa baixa latitude e á influencia marítima o que fai que as súas temperaturas sexan elevadas, aínda que non extremas ao longo de todo o ano. Tamén a maioría do arquipélago Balear que, aínda que cunha temperatura media inferior a Canarias, se beneficia de estar rodeado por un mar cálido, o Mediterráneo. Na España peninsular estas temperaturas daríanse en toda a costa mediterránea e a depresión do Guadalquivir, así como algunhas zonas máis baixas de Extremadura debido á influencia marítima nas zonas costeiras e ás elevadas temperaturas estivais no caso da depresión do Guadalquivir e Extremadura.

- Unha segunda zona que estaría ente os 15° e os 18° aparece en toda a costa cantábrica debido á influencia marítima que fai que os invernos non sexan moi fríos; na submeseta sur e na depresión do Ebro, nestes dous últimos casos debido a que,

aínda que os invernos son fríos os veráns son moi calorosos.

- Por debaixo dos 15° estaría fundamentalmente a submeseta norte, que debido á súa altitude ten invernos moi fríos e veráns suaves.

- Por debaixo dos 10° só estarían as zonas de alta montaña debido á diminución da temperatura por efecto da elevada altitude.

Unha vez expostos estes datos, hai que considerar os factores que interveñen. O primeiro é a latitude, xa que as medias máis elevadas se alcanzan nos observatorios máis meridionais da PI e en Canarias (22°C Tenerife). Estes valores medios anuais descenden cara ao norte.

- A influencia do mar na temperatura media maniféstase, sobre todo, na fachada cantábrica, onde se rexistran temperaturas superiores ás que lle corresponderían por latitude. A acción termorreguladora ou atemperante do mar tamén se fai patente no interior, como no val do Guadalquivir e en ambas as dúas submesetas.

- A altitude tamén exerce unha notable modificación sobre as temperaturas, producindo profundas variacións, debido non só ao descenso dos valores térmicos, senón tamén en función da orientación da pendente, solaina - aba orientada ao Sur- ou aveseda -aba orientada ao Norte-, que permite alcanzar temperaturas distintas en puntos situados, á mesma altitude.